



XUIZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

Secretaría FGTM
Rúa Pontevedra nº 5 – 2º B
36630 – Cambados
Teléfono: 986.54.22.86
Fax: 986.54.22.86
Móbil: 686.58.76.39
Web: www.fgtm.net
E-Mail: carlosalonso@icapontevedra.es
CIF: G15149453

ASUNTO: SOLICITUDES APRAZAMENTOS XORNADAS 11 FEB e 12 MAR 2017

RESOLUCIÓN

En Cambados, a 8 de febreiro de 2017

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Clube CTM Lalín solicítase o aprazamento do partido correspondente á 13ª xornada de liga da 3ª División Nacional zona centro a disputar o día 11 de febreiro de 2017 entre os clubs CTM Lalín e o Liceo Casino Vilagarcía Infantil. O motivo da solicitude é que o clube non dispón do local de xogo por ser empregado para actividades relacionadas coa festa do cocido de Lalín.

SEGUNDO.- O clube SCD San Antonio de Lugo solicita o aprazamento do partido correspondente á 16ª xornada de liga da 1ª División Galega zona Norte a disputar entre os equipos SCD San Antonio Grao de Ouro e o Carnicería/Charcutería Luis Sanesteban Cao de Narón, previsto para o vindeiro día 12 de marzo de 2017. Proponse o adiamento do partido para o día anterior, 11 de marzo de 2017 pola participación dos xogadores do San Antonio, Carlos e Iván Neira, no Torneo Trasmontano a celebrar en Vila Real (Portugal) o días 12 e 13 de marzo de 2017.

Este Xuíz Único, **ACORDA:**



XUIZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

Secretaría FGTM
Rúa Pontevedra nº 5 – 2º B
36630 – Cambados
Teléfono: 986.54.22.86
Fax: 986.54.22.86
Móbil: 686.58.76.39
Web: www.fgtm.net
E-Mail: carlosalonso@icapontevedra.es
CIF: G15149453

En primeiro lugar, **acceder ao adianto do partido de Primeira División Galega entre o San Antonio e o Chacutería Luis Sanesteban de Narón, o cal deberá disputarse o día 11 de febreiro de 2017**, pola participación dos xogadores Carlos e Iván Neira no Torneo Trasmontano de Vila Real.

En segundo lugar, **denegar o aprazamento do partido correspondente á 3ª División Nacional da xornada 13ª entre o CTM Lalín e o Liceo Casino de Vilagarcía Infantil**. Baséase esta negativa nos seguintes motivos:

- Atendendo a resolucións similares dictadas polo xuíz único de disciplina a solicitude de clubs como o S.C. Padrón El Correo Gallego ou Liceo Casino Vilagarcía no que por idénticos motivos se solicitou o aprazamento dos partidos por non dispoñer do local de xogo habitual dos clubs e non foi estimada a solicitude.
- A negativa a acceder á solicitude de aprazamento nos supostos anteriormente mencionados baseábase no carácter extraordinario, imprevisto ou de forza maior que impedía a celebración dos encontros. Neste suposto (e nos anteriormente tratados de Padrón ou Vilagarcía) non estamos a falar de supostos extraordinarios que xustifiquen a decisión de aprazar os partidos como ocorreu a pasada fin de semana con motivo do temporal e alerta naranxa na comunidade de Galicia. A celebración da festa local de Lalín é previsible con anterioridade polo que o equipo locatario debeu xa, con carácter previo, propoñer unha solución alternativa ante a non dispoñibilidade do local de xogo durante as festas dese fin de semana. Falta de dispoñibilidade que era coñecida polo equipo locatario coa antelación suficiente.



XUIZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

Secretaría FGTM
Rúa Pontevedra nº 5 – 2º B
36630 – Cambados
Teléfono: 986.54.22.86
Fax: 986.54.22.86
Móbil: 686.58.76.39
Web: www.fgtm.net
E-Mail: carlosalonso@icapontevedra.es
CIF: G15149453

Carlos Alonso Piñeiro
Xuíz Único